



É un feito indiscutible que todo obxecto precisa do noso interese para existir. Ninguén dubida que están pensados para chamar a nosa atención, para que admiremos as súas calidades estéticas e materiais, a súa contribución, útil, funcional, á mecánica do mundo. Moitos deses obxectos, destinados a un consumo rápido e masivo, conscientes da súa modesta condición industrial, da súa inferioridade individual, ofrécese ao cliente ben apegadiños un ao outro, en longas e coloridas ringleiras, como solemnes abandeirados dun exercito medieval alerta e disciplinado. A significativa ausencia de espazo intersticial subliña a súa condición robótica, a súa doada substitución, a súa dispoñibilidade inmediata. Aínda que, ás veces, un se pregunta quen posúe a quen. Hai días nos que, cheos de razón, sentímonos como xenerais omnipotentes que a paso marcial revistan ás tropas, deténdonos aquí para examinar uns ingredientes, alá para confirmar a data de caducidade, procurando trazos de individualidade nesa masa informe e compacta. Son días luminosos, de xúbilo apastelado, de íntima comunión co Progreso e as súas beizóns. Mais, noutras ocasións, as máis delas, semella que vimos xa vencidos da casa, coa convicción dunha batalla perdida antes de iniciala, rendidos, incondicionalmente, ao asedio desas formacións impenetrables, planas como serigrafías de Warhol, revestidas, ao noso paso avivado, dunha dimensión secuencial e temporal de vinte e catro etiquetas por segundo.

Non hai sorpresas nesas latas de conserva idénticas, nas froitas e hortalizas escolmadas na peneira, neses obxectos clonados, nas mesmas ringleiras de edificios e chalés encostados.

Da orde das cousas

Escrito por Fino Lorenzo
Venres, 25 Xaneiro 2013 19:29

Esa firme e protectora barreira contra o azar, o erro e a desfeita, con pouco ou ningún espazo para a excelencia, ven a configurar un centro virtual, moito de nada e un pouco de todo, sen referencias á figura que representa, nin aos extremos dos que parte. Nese centro, a lóxica da repetición, afianzada en décadas dun longo e sutil adestramento que confunde previsibilidade e fiabilidade, percíbese como unha sinal de confianza que garante, na similitude de texturas, sabores e recendos, unha celebrada ausencia de carácter e personalidade. De aí a un contido intercambiable trala fachada, só hai un paso. Mais, é un adestramento necesario, imprescindible. A cegueira de Borges, advertindo, se cadra, a presenza do infinito, receba da reprodución, a simetría sistemática, o xogo de espellos. Si. Hai algo arrepiante e monstruoso nesa artificiosa negación de toda diferenza, nesa pechada exclusión de toda digresión ou transgresión, nesa queda submisión á repetición mecánica, fría e indiferente.

Mais, a orde das cousas é filla da nosa comprensión simbólica, e a quietude pódese percibir, tamén, como un aspecto fundamental na configuración e presentación dun obxecto de calidade, excelso, exento, único. Pois hai obxectos que, desprendendo unha indiscutible atracción, semellan desafiarnos desde a potencia da súa aparencia, segregada e diferenciada, unitaria e independente. Abofé que ningún adestramento pode soterrar esa humana fascinación, tantas veces desprezada, polo estrañamento. Ata que a máquina que describe Foucault non fixo deles uns enfermos, os diferentes, os estraños, eran máis ou menos respectados na súa imprescindible contribución á comunidade. Sen nostalgias, só era o tempo dos visionarios. Mais, nos nosos xenes quedou escrito que ningunha evolución, ningunha aprendizaxe, sucede sen esa tolemia que, as veces, activa unha pequena panca, levándonos á un estado de conmoción do que non sempre saímos polo noso pé. Por iso, escépticos, precavidos, adoitamos rechar desa fascinación, intuindo que non se trata tanto dun obxecto autosuficiente, como dun novo énfase no contexto, na situación. Sos peitamos que esa euforia que nos invade non ven tanto determinada polo obxecto, como pola relación deste co espazo e as formas circundantes, pola composición dese escenario no que percibimos os obxectos e as figuras. Pois, se esquecemos, por un segundo, os seus tentos de hipnose, e despregamos os ollos cara á periferia, decatámonos que o artellamento desa presenza precisa da marxinação de toda correspondencia horizontal con outros obxectos e contextos, disimulando, á vez, a decisiva importancia dese espazo que a envolve, dese aire que arrodea e afianza a súa xerarquía visual. A presenza, como un trono no alto do estrado, esixe a disposición dunha distancia non sempre física, dun afastamento teatral.

Dese espazo envolvente, xa contrastado nas estratexias de venda, nos comportamentos museísticos, ou mesmo, nas xerarquías humanas, dicía Chillida que é unha materia con outro tempo, outra velocidade. Como na coñecida copa da Gestalt, configurada pola simétrica oposición de dous perfís, este espazo-fluxo ven a ser un lugar de límites e relacións, no que imos situando, aquí e alá, as cancelas no campo. Nesa escenificación se define esa tendencia de todo obxecto a revelarse, no ollo e na mente do espectador, como unha cousa distinta do que é.

Se cadra, o seu interese, e a súa valoración, residen máis na cantidade e calidade do baleiro

Da orde das cousas

Escrito por Fino Lorenzo
Venres, 25 Xaneiro 2013 19:29

que o arrodea e envolve, que no obxecto mesmo.